

PARTICIPACIÓN NO FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTOS E AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR

A DATA LÍMITE para solicitala: o 19 de xuño.

Aqueles que o curso pasado obtiveron libros do fondo, deberán DEVOLVELOS antes do 7 de xullo para poder ser beneficiario na presente convocatoria.

PROCEDEMENTO:

Repartiranse os libros existentes no fondo e unha vez esgotadas as existencias o centro mercará un número de libros en función da renda:

- Familias con renda per cápita ata 6.000€: ata 6 libros.
- Familias con renda per cápita entre 6.000 – 10.000 €: ata 4 libros.
- Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia e alumnado con discapacidade $\geq 65\%$: 6 libros.

A renda per cápita calcúlase sumando as casillas (da declaración da renda do 2018) 435 + 460 e dividindo entre o número de membros da familia. Se hai dúas declaracións (pai e nai por exemplo) tedes que sumar o resultado das dúas.

No caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todos os membros computables da unidade familiar durante o exercicio 2018.

DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR

- **Solicitud** debidamente cumprimentada e asinada. Anexo I e Anexo II.
- **Fotocopia libro de familia.** No centro dispoñemos dunha, pero se houbo algún cambio deberás traer unha fotocopia do libro de familia actualizada.

No caso de que a situación familiar, en día 31 de decembro de 2018 non coincide coa reflectida no libro de familia, terá que presentar:

- Sentenza xudicial de separación/divorcio ou convenio regulador da custodia.
- Certificado ou volante de convivencia.

As **axudas para material escolar** (50 €) serán para aquelas familias cunha renda per cápita igual ou inferior a 6000€.

PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

A solicitude presentárase preferiblemente por vía electrónica, ou no centro en horario de 11 a 12:00 h

Presentación vía electrónica: Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.

A través do enderezo <https://sede.xunta.gal>

Presentación no centro: A ser posible, a solicitude traeráse impresa e cuberta da casa, xunto coa documentación solicitada.

Pode descargarse en <https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>